



## Os Cotos, unha igrexa que quere ser IGREXA

---

Gonzalo Domínguez Barciela

Os Cotos é unha Unidade Pastoral nacida a finais do ano 2003 (constituída oficialmente en nadal do 2013 con dez anos xa de rodaxe), pertencente a diocese de Tui-Vigo. Está formada por dez parroquias de tres concellos, nas beiras da Serra do Suído, apenas a 30 quilómetros de Vigo ou Pontevedra.

Hoxe en día son os seus co-párrocos Gonzalo e Andrés, que substituíu a Xosé Manuel Lence en outubro do 2013.

### a) Velaquí uns trazos que nos enmarcan nunha Igrexa que quere ser IGREXA:

1. **Comunidade de comunidades.** O obxectivo pasa por non perder o sentido de parroquia en cada unha das dez parroquias, e ao mesmo tempo medrar no sentido de ser unha comunidade formada por dez comunidades, sendo moi importante a creación de criterios comúns para todas elas. Todas iguais, todas importantes.
2. **Rural.** Tratando sempre de poñer en valor o mundo da aldea, sen deixarse levar polo número de habitantes. En total andamos arredor de 2.000 habitantes, repartidos en moitos pequenos núcleos de poboación (ata 16 centros de culto), sen que ningún se impuña sobre os demais.
3. **Galega.** Necesariamente como lingua vehicular do sentir relixioso, pois é a fala cotiá. E non só cuestión de lingua senón tamén de pensamento e cultura. Fíxose necesaria a

renovación de todo o fenómeno relixioso na lingua propia (liturxia dende bautismo a enterros, catequese continua dende os 6 aos 15 anos, catequese de adultos, consellos parroquiais e pastorais, novenas, festas e romarías... todo dende un sentir e vivir en galego).

4. **Feminina.** A presenza da muller é a que dá forma á vida cristiá, asumindo cargos de xestión e responsabilidade parroquial. Faise tan imprescindible escoitar a súa voz, como que elas mesmas se sentan unha voz escoitada na parroquia, tanto social como relixiosamente.
5. **Con atención preferente a maiores.** Son comunidades que sufriron a marcha das xeracións novas, deixando atrás a realidade da ancianidade vivida con poucos recursos e atencións. Faise necesario o equilibrio entre semana e fin de semana, inverno e verán... pois son grandes os cambios duns a outros momentos. A día de hoxe, nesta sociedade na que se te valora en función do «para que vales», a igrexa é dos poucos recunchos que lles queda ás persoas maiores. Certo que é unha igrexa de mulleres maiores, pero sería unha traxedia que tamén a igrexa lles pechara as portas.
6. **Con gratuidade.** É outros dos criterios que marca a esta realidade de Os Cotos, pois a fe vívese sen aranceis, todo se fai dende a gratuidade. Ao principio fíxose difícil, pero unha axeitada xestión económica feita polos veciños en cada parroquia deu como resultado unha maior implicación por parte de todos. Cada ano estamos superando os 50.000 euros de ingresos brutos sumando as dez parroquias.
7. **Fondo Común de Os Cotos.** Esta boa xestión económica nas parroquias vén acompañada da creación dun fondo común no que todas as comunidades aportan unha cantidade mensual, co que podemos sufragar os gastos comúns de Os Cotos. O gasto medio por ano da Unidade Pastoral de Os Cotos anda arredor dos doce mil euros.

8. **Catequese conxunta.** Aproveitando o calendario escolar a catequese faise conxunta na parroquia de Fornelos, onde está o colexio, en día de semana, no remate do horario escolar. É unha catequese continuada dende os sete anos ata alá polos quince. Para as familias que veñen na fin de semana ofrécese a posibilidade de catequese os sábados á tarde (a verdade é que nesta xornada hai moi poucos nenos e mozos).
9. **Liturxia participativa.** Todas as celebracións implican á participación de leigos, intentado que en cada comunidade haxa un grupiño de voluntarios de xeito que non sexa sempre a mesma persoa. Hoxe en día durante unha xornada dominical poden estar participando directamente uns corenta leigos.
10. **A festa da Vixilia Pascual.** Esta celebración conxunta no pavillón de deportes marca tamén unha maneira de ser e facer igrexa, pois é unha celebración na que se reúnen unhas 400 persoas (contrátase un autobús para que pase polas dez parroquias) e na que participan directamente uns 60 voluntarios con algo a ler e a facer, dando pé a que cada parroquia se sinta moi partícipe na celebración litúrxica, e porqué non dicilo, na festa posterior con chocolate e rosca. Cada ano intentamos que esa sexa a celebración que marque as do resto do ano, e así fomos traballando na vixilia pascual distintas realidades: refuxiados, maiores, violencia de xénero, igualdade, abusos, coidado da natureza, incendios... na vindeira será, sen dúbida, a pandemia.
11. **A festa de Os Cotos.** Ten lugar o 15 de agosto e compartimos misa e mesa nun dos merendeiros que hai no monte. É a única celebración do día e compartimos a eucaristía no monte, e un xantar no que cada quen leva as súas cousas e pasamos a tarde de troula. É unha ocasión moi valorada polos veciños pois trátase dun encontro no que se reforzan os lazos entre todos, dende a misa, os manxares, o plantar algunha árbore, as partidas de cartas, a música popular, as ganas de pasalo ben...

12. **Preparación de cada celebración.** No esforzo por facer de todas «parroquias iguais», foi necesaria a preparación das celebracións dominicais. Supón traballo directo para os párrocos pois somos nós os que preparamos ao longo da semana estas celebracións, intentando que sexan participativas, actuais, e dignas. Cada celebración é específica para ese domingo, é a mesma en todas as parroquias, e é a mesma das celebracións da palabra.
13. **Celebracións da palabra en ausencia do párroco.** Unha realidade que pouco a pouco se foi impondo. A día de hoxe todas as parroquias teñen celebración da palabra algún domingo ao mes. Esta celebración está dirixida por persoas da propia parroquia (este criterio asumímolos dende o comezo da Unidade Pastoral de Os Cotos e parecíanos que así era mellor que se viñese alguén de fora presidir a celebración). Ao principio custou pois non había ningún referente de tal cousa na diocese, pero pouco a pouco, como a semente na terra, foise facendo e hoxe non supón dificultade ningunha, dándose mesmo o caso de que axudou e moito a que foran celebracións máis participativas («non está o cura para rezar, para cantar, para falar... pero estamos nós, e rezamos, cantamos, falamos...»). Na maioría das parroquias esta responsabilidade asumírona mulleres, o cal axudou a unha maior e mellor implicación da muller na igrexa.
14. **Cáritas interparroquial.** Un labor moito máis alá de comida e roupa, pois dende un primeiro momento tiñamos claro que tiña que ser unha cáritas promocional e con atención preferente polos maiores. Nesta zona relativamente próxima a Vigo e Pontevedra (menos de 30 quilómetros) as necesidades de roupa e comida, maiormente están cubertas, pero si hai outras carencias. Apoio a maiores, cooperación cos servizos sociais dos concellos, alternativas de tempo libre, busca de emprego... son realidades nas que se quere implicar Cáritas interparroquial de Os Cotos sempre baixo o amparo de Cáritas diocesana.

Neste facer foi importante a cooperación que se tivo durante anos con unhas comunidades de Zambia (Kasempa e Kamakechi) a través do cura misioneiro que as tiña ao fronte, Gándara, un cura da nosa diocese. (Por desgraza o seu falecemento inesperado truncou parte deste traballo directo, e dende logo de conciencia).

**15. Atentos á realidade.** Nesta igrexa actual e actualizada faise necesaria a referencia constante a algunhas realidades das que non queremos fuxir: refuxiados, violencia de xénero, soidade de maiores, abusos de nenos, natureza maltratada cos incendios... Estas referencias están constantemente presentes en todas as celebracións.

**16. Folla parroquial mensual.** Imos polo mes 175 e imprimimos 550 copias de xeito que chegue a moitas casas. Nalgunha parroquia chega practicamente a todas. É un servizo co que achegamos os horarios das celebracións que haberá no mes, pero é moito máis, pois na folla parroquial vai sempre unha reflexión de actualidade, vai un consello, un pasatempo, un santo dese mes, unha palabras do Papa Francisco, un conto, e algunha cousa máis profunda da nosa fe. Para esta folla parroquial cóntase coa colaboración directa dalgunha muller das parroquias, sendo elas as que deciden de que falar cada mes.

**17. Páxina web.** Darse a coñecer, e poñer a disposición todo o que se vai facendo foi todo un acerto coa creación da páxina web [www.oscotos.eu](http://www.oscotos.eu)

Está xestionada por un veciño de Fornelos e unha de Estacas. Na actualidade están rexistradas unhas 120.000 visitas. Énos unha ferramenta moi válida para que todas as parroquias se sintan tratadas por igual, e sérvenos para deixar constancia pública e por escrito deste camiño de facer igrexa en Os Cotos. Foi unha ferramenta fundamental neste tempo de pandemia (falarémolo máis adiante). Esta páxina é ben acollida por algúns veciños que hai anos deixaron estas

terras, e que dalgún xeito lles permite sentir que seguen estando preto dende lonxe.

18. **Postal de Nadal e beléns.** Cada ano, dende hai máis de dez, unha veciña fai á man 550 postais exclusivas que son entregadas ás familias das parroquias. Tamén en Nadal fanse uns beléns moi particulares nalgunhas parroquias: nun carro de bois, nunhas cestas, nunhas ánforas de barro, nunha terra queimada, nuns pipotes de viño, nunhas sachadeiras...
19. **Igrexa máis de leigos e menos clerical.** En cuestións tan cotiás como que para os enterros e funerais non hai máis ca un dos párrocos. Igualmente nas festas non está máis ca un dos párrocos. Con intencións comunitarias na eucaristía de semana, pois non hai máis ca unha en cada parroquia.
20. **O cura pode ser necesario, pero a comunidade é imprescindible.** Isto é poñer en valor o que realmente ten que ter valor. Vimos de moitos tempos no que todo o que tiña que ver coa parroquia se artellaba arredor do cura, pero agora estamos no camiño de que o que ten que ver coa parroquia ten que artellarse arredor da comunidade, e o cura non é máis que un máis na comunidade (isto non desmerece a labor do cura, ao contrario, aséntaa).
21. **Diocesaneidade.** Cando nace a Unidade Pastoral de Os Cotos faino baixo o amparo da diocese, pois non se trata dun proxecto persoal duns curas senón que se trata dun proxecto amparado e avalado pola diocese, de feito durante diversas ocasións o bispo e os responsables diocesanos acudiron para encontrárense cos propios veciños e avalaren o que os párrocos lles íamos propoñendo.  
Os Cotos vimos sendo unha igrexa sinxela, de xente sinxela, e para xente sinxela. Aos poucos, somos semente dunha fe que facemos crible no día a día. Non temos nin grandes retos nin grandes pretensións, somos pouco a pouco, moi pouco a pouco.

E agora tocaron tempos de pandemia, algo para o que non estabamos preparados, e nin no maxín de cada día se nos pasara pola cabeza.

### **b) Para tempos de pandemia:**

Quen nos ía dicir que íamos ter que vivir un confinamento nas nosas casas?

Quen nos ía dicir que a mellor medicina ía ser quedarnos na casa?

Quen nos ía dicir que íamos ter que pasar días e semanas lonxe de parentes, amigos e veciños, para mellor coidalos?

Quen nos ía dicir que non poderíamos ir á igrexa rezar, nin ao tanatorio a acompañar, nin ao cemiterio a despedir?

Quen nolo ía dicir? pero aí estaba. Foron camiños a reinventar cada día.

Dende o 13 de marzo, na Unidade Pastoral de Os Cotos pechamos as igrexas e abrimos a fe nas casas.

Primeiro cun comunicado que fixemos chegar a toda a veciñanza, no que asentabamos a responsabilidade de crentes dende cada fogar. Intuíamos que se achegaban tempos impensables nos que teríamos que reinventar unha fe vivida en familia, e sen a presenza da igrexa clerical. Os párrocos fomos preparando cada celebración dominical, e fómolas pondo nas mans de cada fogar. Certo que tiñamos a experiencia de ter compartido durante anos moitos domingos sen párroco, sendo os leigos os protagonistas da celebración. Agora era seguir nese mesmo camiño.

Fomos ofrecendo cada semana, dende a páxina web, e dende outras plataformas como whatsapp, o material para rezar en cada casa. Un material acompañado dun taboleiro co que se axudaba a unha mellor participación en cada unha destas celebracións. Ofreceuse publicamente a través da páxina web, e durante semanas e meses a unhas 120 familias en particular. Así mesmo se lle

enviaba ao bispo, aos responsables da liturxia da nosa diocese, a uns poucos compañeiros curas diocesanos e a plataformas como Faiga (Fagamos Igrexa Galega), Crentes no rural...

Así tocou compartir os domingos de coresma.

Para o día de Ramos, en pleno confinamento, preparamos a celebración para tela na porta da casa, engalanándoa cuns ramos.

Celebramos o día do Perdón, cunha montaxe feita en Os Cotos e subida a YouTube. Eses pecados, eses atrancos, esas pedras grandes e pequenas que non nos deixan camiñar orgullosos e que coa axuda da man do Pai sonnos quitadas do medio.

Vivimos o Xoves Santo, na nosa mesa, co noso pan e viño e unhas mans, lembrando a xente que nestes momentos están soas. As nosas quixeron ser mans abertas, acolledoras, responsables, e igual que nas semanas anteriores coa axuda da celebración que preparamos os párrocos puidemos lembrar aquela cea, naquel fogar de Xerusalén, aquela mesa de amigos e amigas que soñaban con unha vida en irmandade.

Tamén celebramos o venres Santo, e nesta ocasión foi a través dun viacrucis preparado por unha veciña dunha das parroquias. A través da plataforma YouTube púxose a disposición de cada fogar.

E como non, a Vixilia Pascual que tantos anos celebramos dunha forma tan especial en comunidade. Este ano fíxosenos raro non estar o sábado pola mañá axudando no pavillón e non ter a xente coma todos os anos preto do barril da auga, procurando non quedar sen ela.

Si, todo iso na vixilia deste ano non o tivemos... pero tivemos a oportunidade de ter un vídeo en YouTube doutros anos e lembrar como o fixeramos en tempos atrás, ver a xente que xa non está con nós, ver como pasan os anos... e unha rapaza dunha das parroquias regalou unha pequeniña montaxe do que para ela significaba a Festa da Pascua. Foi unha montaxe sinxela, imaxinativa, e sobre todo agradecida dunha igrexa que quere ser IGREXA.



Viviuse a Pascua e unha vez máis as celebracións na casa foron preparadas e animadas cuns tableiros que nos fixeron vivilas dunha forma máis animada e comprensiva para poder facer camiño na vida da man do Resucitado.

En todo este tempo tivemos ocasión de colaborar con aportes aos comedores sociais de Vigo, pois aínda que no noso contorno non foi necesario si quixemos este compartir. Importante tamén dicir que en todo momento estivemos a disposición de facer compras, ou recoller medicinas para algúns casos de necesidade puntual, colaborando co concello e con outras entidades.

Con isto queremos transmitir que a igrexa non a podemos reducir a un espazo de pedra, con máis ou menos anos, cheo de bancos e imaxes... Igrexa somos todos, e igrexa somos nas nosas casas, e en Os Cotos durante este tempo de pandemia somos esa igrexa que quere ser IGREXA dende cada fogar.

**Gonzalo Domínguez Barciela**